

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



1. A “Parte exterior da articulación do brazo co antebrazo” é o:

- A) Nocello.
- B) Xeonllo.
- C) Cóbado.
- D) Colo.

2. Sinale a frase correctamente escrita en galego:

- A) Facemos dobre click co rato.
- B) O número de aprobados e baixo.
- C) O porcentaxe de mulleres é maior.
- D) É unha táboa de datos numéricos.

3. Indique a opción INCORRECTA:

- A) Servizo Xeneral.
- B) Táboa de datos.
- C) Requisitos técnicos.
- D) Inscrición electrónica.

4. Cal das seguintes definicións corresponde coa palabra “chan”:

- A) Debuxo ou marca longa e delgada.
- B) Suco pouco profundo na superficie dunha cousa.
- C) Que non ten regularidade, que non se axusta a unha regra ou orde.
- D) Sen desniveis, igual en todas as súas partes.

5. Indique a opción INCORRECTA:

- A) Corentena domiciliaria.
- B) Distanza de seguridade interpersonal mínima.
- C) Certificado de vacinación.
- D) Máscara obrigatoria en espazos pechados.

6. Indique a opción que se corresponde coa seguinte definición: Dispositivo que conecta dous aparellos facendo que os sinais emitidos por un sexan comprensibles polo outro:

- A) Interceptor.
- B) Intercalador.
- C) Interface.
- D) Interfaz.

7. Indique a opción de plural correctamente escrita en galego:

- A) Caracol/Caracoles.
- B) Lapis/Lápices.
- C) Tren/Trenes.
- D) Rei/Reis.

8. Indique a frase correctamente escrita en galego:

- A) O servizo realiza funcións de inspección e adota medidas de prevención.
- B) O servizo realiza funcións de inspección e adota medidas de prevención.
- C) O servizo realiza funcións de inspección e adopta medidas de prevención.
- D) O servizo realiza funcións de inspección e adopta medidas de prevención.

9. Indique a opción que se corresponde coa seguinte definición: Código secreto utilizado para restrinxir o acceso a un dispositivo ou a un sistema informático aos usuarios autorizados:

- A) Contrasional.
- B) Contraseñal.
- C) Contraseña.
- D) Contrasenso.

10. Indique a opción correcta:

- A) Os sabados.
- B) Os miercoles.
- C) Os lunes.
- D) Os venres.

#### Preguntas de reserva

1. Sinale a opción INCORRECTA:

- A) O garaxe.
- B) A orde.
- C) O análise.
- D) A síndrome.

2. Sinale a opción correcta:

- A) Corenta.
- B) Cuarentena.
- C) Catorze.
- D) Cuadraséximo.